

BASES DO “CERTAME INTERRITMOS”

A Asociación de Desarrollo Local DELOA, con CIF-G15817935 e dirección en Lugar de A Esclavitude, s/n, Padrón, A Coruña (en adiante, a **Organización**) convoca o “Certame Interritmos”, destinado a músicos e/ou grupos noveles, sen obra comercial editada, que interpreten obras musicais tradicionais, y que se rexerá polas seguintes bases:

I. OBXECTO

Este certame enmárcase dentro do Proxecto “Interritmos: Ritmos y Pueblos”, no que participa a Organización, que está dirixido á recuperación do patrimonio cultural das Comunidades Autónomas de Galicia, Castela e León, Extremadura, Andalucía e Cantabria. En concreto, este certame está encamiñado a dar a coñecer e promocionar a cultura musical tradicional dos Concellos de Riveira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Padrón, Rois, Dodro, Outes, Lousame, Porto do Son, Noia e Muros.

II. PARTICIPANTES

Este certame diríxese exclusivamente ás persoas que aportaran os seus datos e información para o Proxecto “Interritmos: Ritmos y Pueblos” antes da celebración de cada unha das audicións do certame, isto é, aquelas que cumprimentaran o formulario de recollida de datos do Sistema de Indicadores para a Identificación das Músicas Tradicionais. Este formulario está dispoñible no domicilio da Organización, a Asociación de Desarrollo Local DELOA, indicado arriba, isto é, Lugar de A Esclavitude, s/n, Padrón, A Coruña.

Ademáis, os participantes deberán estar rexistrados nos Concellos de Riveira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Padrón, Rois, Dodro, Outes, Lousame, Porto do Son, Noia e Muros. Este rexistro é totalmente gratuito.

Debido a que, tal e como se explica mais adiante, o certame se celebrará en tres audicións, os participantes distribuiranse da seguinte forma:

- Os grupos e/ou solistas rexistrados nos Concellos de Riveira, Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo, poderán participar unicamente na audición que se celebrará no Concello de Rianxo.
- Os grupos e/ou solistas rexistrados nos Concellos de Muros, Noia, Lousame, Outes e Porto do Son, poderán participar unicamente na audición que se celebrará no Concello de Porto do Son.
- Os grupos e/ou solistas rexistrados nos Concellos de Dodro, Rois e Padrón, poderán participar unicamente na audición que se celebrará no Concello de Padrón.

Non poderán participar, como solistas, os membros dos equipos técnicos dos Grupos de Desenvolvemento Rural socios do Proxecto “Interritmos: Ritmos y Pueblos”. Tampouco poderán participar artistas ou grupos que teñan editado e/ou distribuído comercialmente calquera traballo musical; así como artistas ou

grupos que de forma individual ou baixo outra denominación teñan editado e/ou distribuído a obra a interpretar no certame.

Así mesmo, serán excluídos de participar no certame aquelas persoas que tiveran unha relación de parentesco, ata o segundo grao, con quenes sexan designados como membros do xurado.

A Organización poderá esixir aos participantes a entrega dun xustificante e dunha declaración de propiedade intelectual sobre os temas a interpretar en calquera momento e, en todo caso, antes da aceptación do premio.

Os menores de idade que participen no certame deberán estar autorizados por seus pais ou titores legais.

A participación no certame supón a enteira aceptación das presentes bases e condicións, así como a sumisión expresa dos participantes ás decisións interpretativas que das mesmas efectúe a Organización.

III. ESTILO E DURACIÓN DA OBRA MUSICAL

Os participantes deberán interpretar necesariamente unha obra musical tradicional.

A interpretación deberá ter entre 2 e 4 minutos de duración.

IV. PRAZO E FORMA DE INSCRICIÓN

O prazo para a inscrición dos participantes abrirase o día seguinte á publicación desta convocatoria e pecharase:

Peche prazo AUDICIÓN DE RIANXO: o 7 de xuño.

Peche prazo AUDICIÓN DE PORTO DO SON: o 5 de xullo.

Peche prazo AUDICIÓN DE PADRÓN: o 12 de xuño.

As solicitudes de inscrición estarán dispoñibles, ao menos, na páxina web do Proxecto Interritmos (www.interritmos.com), na da Asociación de Desenvolvemento Local Deloia (www.deloia.es). Así mesmo, algúns Concellos participantes faranas dispoñibles a través das súas propias páxinas web e/ou dos seus de sus taboleiros de anuncios. Todos os participantes deberán informar á Organización na súa solicitude de quenes son os integrantes do memso, no caso de tratarse dun grupo ou conxunto musical, e da súa formación instrumental.

A inscrición deberá realizarse a través do envío da solicitude de inscrición ao técnico do Concello no que estea rexistrado o participante:

CONCELLO DE RIVEIRA: Sandra Fernández Gómez (sanroqueturismo@gmail.com)

CONCELLO DE POBRA: M^a José Rivadulla Santos (maria@elmuelle.es)

CONCELLO DE BOIRO: Alberto García Sánchez (CENTROSOCIAL@boiro.org)

CONCELLO DE RIANXO: Natalia Galbán Rubio (turismo@concelloderianxo.es)

CONCELLO DE LOUSAME: M^a José Maroñas Sóñora (mmaronass@hotmail.es)

CONCELLO DE OUTES: Santiago Nieto Romarís (cultura@outes.es)

CONCELLO DE NOIA: Juan Ramón Vidal Fernández (protocolodeporte@gmail.com)

CONCELLO DE MUROS: José Manuel Mayo (josemanuel.mayo@muros.dicoruna.es)

CONCELLO DE PORTO DO SON: Lidia Moledo Laiño
(culturaportodoson@gmail.com)

CONCELLO DE DODRO: Elisabet Domínguez
(elisabet.dominguez@concellodedodro.org)

CONCELLO DE ROIS: Rosario Rios Rey (rosario.rios@rois.dicoruna.es)

CONCELLO DE PADRÓN: Cruz Taboada (culturapadron@yahoo.es)

Cada un dos técnicos designados recollerá a solicitude e remitiralla aos técnicos do Concello organizador que corresponda. Así, as solicitudes recollidas a través dos técnicos de Riveira, Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo serán remitidas ao Concello de Rianxo; as recollidas a través dos técnicos de Muros, Noia, Lousame, Outes e Porto do Son serán remitidas ao Concello de Porto do Son; e as ercollidas polos técnicos de Dodro, Rois e Padrón serán remitidas ao Concello de Padrón.

V. DESENVOLVEMENTO DO CERTÁMEN

Unha vez admitidos os intérpretes que participarán no certame, terá lugar o memso, que se dividirá en tres audicións, e que se celebrarán nos seguintes lugares e datas:

RIANXO: o 15 de xuño no Auditorio Municipal.

PORTO DO SON: o 13 de xullo no Auditorio Municipal.

PADRÓN: o 20 de xullo no Auditorio Municipal.

De cada audición salirá un só gañador, quen obteña a maior puntuación do xurado, que pasará a formar parte da selección final do xurado para optar aos premios.

VI. PREMIOS

A Organización outorgará tres premios (primeiro, segundo e terceiro premio).

Os gañadores do primeiro e segundo premio participarán na gravación dun CD repertorio, que conterá as cancións gañadoras dos certámenes organizados por cada un dos Grupos de Desenvolvemento Rural socios do Proxecto "Interritmos: Ritmos y Pueblos" - DELOA (A Coruña), Terras do Deza e MAIV Baixo Miño (Pontevedra), ADERCOU (Ourense), Piseña, Pas, Miera e Campoo los Valles (Cantabria), ADRECAG e ADRISS (Salamanca), APRODERVI (Cáceres), ADECOM-LACARA (Badajoz), Serranía Suroeste Sevillana e Corredor de la Plata (Sevilla) - e que ten como intención a difusión nacional ou internacional do mesmo. Cada canción terá unha duración de entre 2 e 4 minutos. Os gañadores do primeiro e segundo premio recibirán 150 copias de dito CD. En todo caso, o deseño dos CDs correrá a cargo da Organización, que poderá solicitar aos gañadores a información necesaria ao efecto.

O gañador do terceiro premio poderá gravar un sinxelo coa canción que representou no certame. Cada canción terá unha duración de entre 2 e 4 minutos. O gañador do terceiro premio recibirá o *máster* de dito sinxelo.

Así mesmo, tal e como se explicará mais adiante, para o caso de que calquera dos gañadores desistise do premio ou, no seu caso, da gravación correspondente, ou, de tratarse dun grupo ou conxunto musical, este se desfexese na súa totalidade de forma que non puidera chegar a realizarse o premio; existirá unha lista formada por tres suplentes, seleccionada polo xurado, en orde de preferencia, que operará nos casos descritos de desistimiento ou imposibilidade de realización do premio.

Todos os participantes recibirán un pequeno obsequio e un diploma acreditativo da súa participación no certame.

O estudo de gravación estará situado na provincia de A Coruña. As dietas e custos de desprazamento ao estudo de gravación, deberán ser asumidos polos gañadores.

VII. COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO XURADO

Un xurado profesional será o encargado de valorar as actuacións dos participantes e seleccionar aos ganadores.

O xurado estará integrado por 4 persoas non pertencentes aos Concellos participantes no Proxecto "Interritmos: Ritmos y Pueblos". Tres dos integrantes pertencerán ao ámbito da música tradicional, o cuarto será un membro da Organización. Os membros do xurado nomearán, de entre eles, un Presidente e o membro da Organización actuará como Secretario, con voz pero sen voto.

O xurado reunirse en privado ao finalizar cada unha das audicións, outorgando puntuacións e determinando o gañador en cada unha delas. Actuará en pleno, e será necesaria a asistencia de todos os seus membros. As súas deliberacións serán

a porta pechada e a decisión que alcance o xurado recollerase nun acta, subscrita polo Secretario co visto bo do Presidente. O Secretario custodiará as actas, que serán secretas, ata a selección final dos premiados.

Finalizadas as tres audicións, os membros do xurado reuniranse para levar a cabo a selección final dos premiados, coa asistencia de todos os seus membros, aos efectos de designar o primeiro, segundo e terceiro premio para o cal terán presentes as deliberacións e acordos adoptados nas tres audicións. Ademais da selección final dos premiados, o xurado elaborará un listado de suplentes, composto por tres participantes, en orde de preferencia, para o caso anteriormente citado de que existira desistimento por parte dalgún dos gañadores ou imposibilidade sobrevida de realización da gravación.

En caso de que o xurado declarase deserto o premio, a súa proposta sería obxecto de resolución pola Organización, que é a entidade competente para o outorgamento dos premios.

VIII. PRAZO DE CONCESIÓN E ENTREGA DOS PREMIOS

O resultado final do certame a a asignación dos premios determinarase unha vez finalizadas todas as actuacións, e será comunicado por teléfono, así como por correo electrónico a calquera das contas de correo electrónico comunicadas polos participantes. Ademais, o resultado será publicado en www.interritmos.com e na páxina web da Organización (www.deloa.es).

Será condición necesaria para a obtención dos premios que os gañadores acepten expresamente a recepción do premio en resposta á chamada telefónica que se lle efectúe e o correo electrónico que se lle envíe ao respecto.

Se a notificación aos gañadores fora rexeitada por teléfono ou, no caso de envío por correo electrónico, devolta por tratarse dunha conta de correo electrónico non válida, este será descalificado.

A data de gravación do CD ou *máster*, segundo corresponda, determinarase entre os gañadores e a Organización. En todo caso, dita gravación deberá ter lugar entre o 15 de novembro de 2013 e o 31 de marzo de 2014.

Se calquera dos gañadores desistise do premio ou da gravación correspondente, o gañador que lle seguira ou, no seu caso, os suplentes, pasaría a ocupar o seu posto, e así sucesivamente, ata cubrir os tres premios.

IX. EXCLUSIÓN DE PARTICIPANTES

A Organización poderá, á súa enteira discreción e en calquera momento, rexeitar a inscrición ou excluír a calquera participante do certame, cando estes non cumpriran cos requisitos mínimos esixidos, cando proporcionaran datos falsos e erróneos, cando por calquera motivo a súa intervención non fora axeitada ou convinte, ou por resultar a obra interpretada ofensiva no seu sentido mais amplo.

X. RÉXIME DE RESPONSABILIDADE

A Organización non se fai responsable dos danos ou perxuízos derivados do suposto no que unha canción non sexa inédita e se xeren reclamacións por dita divulgación, sendo unicamente responsable a persoa baixo cuxo nome se divulgue.

A Organización non se fai responsable das perdas ou irregularidades que poidan producirse no envío da información, ocasionados por interferencias na comunicación ou por calquera outro erro e omisión derivados de problemas nas telecomunicacións, ou calquera outra causa non imputable á Organización.

Así mesmo, a Organización non se fai responsable dos danos ou perxuízos de calquera natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade do sistema de inscrición no certame, nin aos danos e prexuízo que poidan deberse a que o certame non responda ás expectativas que o participante depositara no mesmo.

XI. PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual das obras presentadas e/ou representadas neste certame pertencerá, no seu caso, aos participantes que as presentaran.

Os participantes que resulten gañadores definitivos do certame aceptan e autorizan a que a mención dos seus nomes e premios obtidos poidan aparecer na páxina web da Organización e na do Proxecto “Interritmos: Ritmos y Pueblos” www.interritmos.com, así como en calquera outra de algún dos socios do Proxecto, ou en calquera outro soporte comercial, publicitario ou medio de comunicación que poida empregar a Organización a fin de informar e facer público o resultado do certame realizado.

Así mesmo, os gañadores dos premios, ao recibilos e aceptalos, comprométese, no caso de que así fora requirido pola Organización, a facilitar unha imaxe persoal e/ou que se lles realice unha ou varias fotografías co fin único de dar publicidade ao citado certame.

Ademáis, os socios do Proxecto “Interritmos: Ritmos y Pueblos” resérvanse o dereito a difundir as obras presentadas ao certame, sempre e cando estean vinculados á difusión do premio. No caso de que os participantes sexan menores de idade requirirase a autorización dos titores legais.

XII. CESIÓN DE IMAXES

A Organización informa de que, co fin de difundir e divulgar o “Proxecto Interritmos: Ritmos y Pueblos” e a música tradicional das Comunidades Autónomas que o integran, poderá fotografar e/ou gravar as actuacións do certame, a entrega de premios, e demais actividades conexas, podendo, ademáis, editar ditas imaxes.

A aceptación destas bases supón o consentimento dos participantes a favor da Organización para recoller e editar as imaxes en que aparezan os participantes nos contextos sinalados e para as finalidades mencionadas.

XIII. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, y demais disposicións dictadas no seu desenvolvemento, a Organización informa aos participantes que os datos persoais obtidos a través da súa inscrición neste certame serán recollidos pola Organización, e que se incorporarán ao ficheiro automatizado da Asociación de Desarrollo Rural DELOA denominado "Interritmos". Ditos datos serán empregados para identificarse como participante do certame, así como para o desenvolvemento de accións (por teléfono, SMS, correo electrónico ou calquera outro medio telemático) de carácter xeral ou adaptado ás características persoais dos participantes. Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos, en calquera momento. Para elo, deberán identificarse mediante copia do D.N.I. e enviar un correo electrónico á seguinte dirección lop@interritmos.com.

XIV. OUTROS

A Organización resérvase o dereito a modificar as bases do certame en calquera momento, incluso poderá chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que conorra causa xustificada, en todo caso comprometéndose a publicalo pola mesma vía que esta convocatoria.